CARBALLO

cultura con forza

XAN-MAI
2026

concello de CARBALLO

CONCELLARÍA DE CULTURA

pazo da Cultura

#CULTURA CON FORZA

Cultura con forza para fortalecer o noso espírito, a nosa vida. Como o pan de Carballo, coa cerna da nosa cultura; coa substancia que nos dá azos para continuar, para alimentar as reflexións e as emocións e gozar do encontro arredor da arte e da creatividade.

Poñendo en valor esta expresión propia de Carballo que dá nome ao programa, no menú atopamos fartura e variedade para chegar a todas e todos: a diversidade de propostas dos Venres Culturais co mellor teatro galego e música; as máis interesantes propostas de danza contemporánea coa que celebramos unha nova estación con Primavera enDanza; o ciclo Amal. a xa tradicional mostra de cine euroárabe coa que iniciamos o ano, ou outras propostas audiovisuais como documentais, exposicións ou actividades arredor da imaxe.

Con forza para proxectar Carballo como referencia cultural e coa abundancia e pulo para que gocemos do dereito á cultura.

Amal en Ruta

Mostra de cine euroárabe

LUGAR: PAZO DA CULTURA
ACCESO: GRATUÍTO ATA COMPLETAR AFORO

amal EUROARAB FILMFESTIVAL

A Concellaría de Cultura e a Fundación Araguaney-Puente de Culturas colaboran neste proxecto que achega a realidade do mundo árabe a través do cine. Esta edición ten o lema ***Todas somos Palestina*** e consta de cinco longametraxes que definen os conceptos clave para comprender a realidade histórica e contemporánea do país: Gaza, a Nakba, a ocupación, as personas refuxiadas e as protestas contra o xenocidio.



30 XAN venres - 20.00

This is Gaza

Cando a guerra entre Israel e Hamás destruíu o seu fogar e puxo en perigo á súa familia, o cineasta palestino gañador do premio Emmy, Yousef Hammash, buscou a súa única esperanza: unha cámara de vídeo.

Documental | Tom Besley | 2025 | Reino Unido | 50 min

5 FEB xoves - 20.00

Janin, Jenin

O director Mohammed Bakri volve ao campo de refuxiados de Jenin máis de vinte anos despois de *Jenin, Jenin* (2002). Retoma a súa experiencia previa, entrevistando a protagonistas do documental orixinal e recollendo novos testemuños sobre a ocupación, a destrución e a resistencia persistente.

Documental | Mohammed Bakri | 2024 | Palestina | 60 min

12 FEB xoves - 20.00

The time that remains

Ao longo de catro episodios desde 1948 ata a actualidade, unha familia palestina vive entre a creación do Estado de Israel e a memoria herdada. Elia Suleiman mestura humor silencioso, ironía e surrealismo para retratar os paradoxos cotiás da vida baixo a ocupación.

Ficción | Elia Suleiman | 2009 | Palestina - Francia | 109 min

19 FEB xoves - 20.00

Notes on displacement

Unha anciá palestina desprázase desde Damasco a Europa pola ruta dos Balcáns. Acompañando a Nadira e á súa familia, o director preguntánse polo sentido do fogar, a pertenza e a identidade.

Documental | Khaled Jarrar | 2022 I Palestina, Alemaña, Qatar | 80 min

26 FEB xoves - 20.00

The encampments

As protestas estudiantís globais e solidarias con Palestina en 2024 centran esta obra que mostra a represión e os campamentos de refuxiados, mais tamén a forza dun movemento internacional que reclama xustiza.

Documental | Kei Pritsker, Michael T. Workman | 2025 | EEUU | 83 min.

*** Espectáculo pertencente ao FIOT 2025**

6 FEB venres - 21.00

AINÉ PRODUCIÓNS

(Galicia)

Territorio Regueifa

O FIOT retoma a estrea absoluta de *Territorio Regueifa*, que tivo que ser cancelada o pasado outubro por causas de forza maior. Combinando o xeito de regueifar, a retranca e a música cos códigos do teatro de proximidade, tres recoñecidos regueifeiros traen á escena unha forma moi nosa de humor e crítica social, achegando ao público de hoxe a historia e o oficio desta ancestral expresión cultural.

Carballo e Bergantiños son recoñecidas pola riqueza do seu patrimonio inmaterial oral, e o FIOT non podía ser alleo a explorar este xénero artístico. Improvisación, humor, música e o espírito festivo propio da regueifa para un espectáculo total!

Interpretación: Manolo Maseda, Lupe Blanco e Josinho da Teixeira. Deseño de iluminación: Gonzalo Porteiro. Escenografía: Carlos Alonso. Autoría e dirección: José L. Prieto. Produción: FIOT, Ainé e CDG – Salón Teatro

75 min | Todos os públicos | 10 €

Venda de entradas: www.ataquilla.com
www.facebook.com/festivalFIOT

Venres Culturais

21 FEB sábado - 20.00

CONTRAPRODUCIÓNS e CDG (Galicia)
Memorias dun neno labrego

Unha viaxe sentida e divertida polas lembranzas de Balbino, ese rapaz de aldea, que combina a experiencia de Cándido Pazó como autor, actor e director, coa súa recoñecida traxectoria como contador de historias. Un espectáculo cunha suxestiva escenografía das emocións e música composta especialmente para este texto.

Pazó presenta unha nova versión teatral do libro do coñecido autor Xosé Neira Vilas no X aniversario do seu pasamento.

Intérpretes: Xúlio Abonjo, Santi Romay, Ana Santos, Federico Pérez, Mónica García, Manuel Cortés e Iris Davila. Deseño de iluminación: Afonso Castro. Son e música: Xosé Lois Romero. Escenografía: Pablo Giráldez "O Pastor". Autor: Xosé Neira vilas. Dirección e adaptación: Cándido Pazó

100 min | Público adulto | 7 € / 4 €

28 FEB sábado - 20.00

BUTACAZERO (Galicia)
Iribarne: xira despedida

Despois do enorme éxito obtido no FIOT 2024, aclamada como unha das grandes montaxes do teatro galego e triunfadora nos Premios María Casares con nove galardóns, este espectáculo volve a Carballo na súa xira de despedida.

A ritmo de comedia satírica, *Iribarne* investiga unha das figuras imprescindibles do noso pasado recente, Manuel Fraga, explorando a relevancia do poder como motor persoal a través dunha ollada crítica e irónica.

Intérpretes: Mónica García, Xurxo Cortázar, Anxo Outumuro, Lidia Veiga, Jorge de Arcos e Esther F. Carrodeguas. Iluminación: Diego Vilar. Música e espazo sonoro: Berto. Espazo escénico: Xabier Castiñeira e Diego Valeiras. Coreografía: Sabela Domínguez. Autoría: Esther F. Carrodeguas. Dirección: Xavier Castiñeira

180 min (con descanso de 20 min)
Público adulto | 9 € / 5 €
Rede Galega de Teatros e Auditorios

1 MAR domingo - 18.00

TALÍA TEATRO (Galicia)
Voa, voa!

Todas as tardes despois de merendar Xoana baixa a xogar ao parque. Alí coincide con Anxo, un neno introvertido que prefire estar na casa vendo a tele. Pouco a pouco vai entrando nos xogos que lle propón Xoana, todos aqueles que lle ensinou a súa avóa: ditos, retrousos, xogos de man...,

Voa, voa! é un espectáculo para incentivar a xogar coas pequenas rimas dos ditos populares que perduraron xeración tras xeración e que se foron transmitindo de xeito oral. Un divertimento para furgar na memoria do público e recuperar e transmitir os xogos da infancia a través da palabra.

Intérpretes: María Ordóñez e Toño Casais
Escenografía e iluminación: Dani Trillo
Vestiario e caracterización: Martina Cambeiro
Autor e director: Artur Trillo

50 min | Público familiar | 5 € / 3 €
Rede Galega de Teatros e Auditorios

6 MAR venres - 21.00

IRIA PINHEIRO (Galicia)
Vitória

Vitória é o retrato dunha denuncia. Unha peza de teatro autobiográfico que conta o proceso xudicial ao que se someteu a actriz cando interpuxo unha denuncia por acoso sexual contra o director do programa de televisión no que traballaba. Este espectáculo reconstrúe a historia que vai dende o 2017 a 2023 intercalando a documentación xudicial do proceso co xogo e a ironía características do cabaré.

Iria Pinheiro, actriz e dramaturga, presenta un espectáculo de teatro documental sobre denuncia social e vulnerabilidade coincidindo coa celebración do Día Internacional da Muller (8 de marzo).

Intérpretes: Victoria Pérez, Iria Pinheiro e Salva Del Río. Iluminación: Daniel Abalo. Son: Mónica De Nut e DJ Concha. Autora: Iria Pinheiro. Dirección: Colectiva

75 min | Público adulto (+12 anos) | 5 € / 3 €
Rede Galega de Teatros e Auditorios

7 MAR sábado - 20.00

DE VACAS (Galicia)

Vacanal sinfónica

De Vacas presenta en Carballo o seu novo espectáculo *Vacanal Sinfónica*, que conmemora o seu décimo aniversario. Inés Salvado, Paula Romero, Faia Díaz e Guillerme Fernández, acompañadas polo Coro da Rá, presentan unha proposta de gran formato con músicos en directo que revisa o seu repertorio nunha ópera en catro actos. Cancións, letras e vivencias desta década tan exitosa baixo unha escenografía impactante. Un concerto único con diversión, epicidade, vacanal... son as máximas para esta celebración chea de sorpresas e de colaboracións no escenario de artistas de gran renome no panorama musical galego.

Intérpretes: Inés Salvado, Faia Díaz, Paula Romero, Guillerme Fernández e Coro da Rá. Músicos: María José Pámpano, Macarena Montesiños, Carmen Gallego, Elena Vázquez, Benxamín Otero, Claudia Carballo, Roberto Rama e Pablo Pascual. Compositor e arranxista: Lucas Rey

90 min | Público adulto | 9 € / 5 €

Co gallo da commemoración do 8M "Día das Mulleres"
Deputación da Coruña - Igualdade de xénero

13 MAR venres - 21.00

MALASOMBRA (Galicia)

O proceso

1880, Curros Enríquez é denunciado polo bispo de Ourense por uns poemas do seu libro Aires da miña terra, un dos piares do Rexurdimento Galego. Un xuíz dá curso á denuncia e o célebre escritor é procesado e condenado, a pesar da oposición do fiscal.

A partir destes feitos o director Cándido Pazó constrúe esta peza en ton de sainete cómico, presentándonos a través do xogo teatral unha galería de persoeiros populares do Ourense de finais do século XIX, que abordarán con frescura e desenfado temas vixentes na actualidade como a lingua, a cultura, a identidade,...

Intérpretes: Marcos Orsi, Jouse García, Paula Pier e Xoque Carbajal. Escenografía: Pablo Giráldez "O Pastor". Deseño e creación de espazo musical: Guillerme Fernández. Autor e director: Cándido Pazó

75 min | Público adulto | 7 € / 4 €

Rede Galega de Teatros e Auditorios

20 MAR venres - 21.00

CARLOS BLANCO (Galicia)

A penúltima

Porque nunca se sabe. Carlos Blanco bota a penúltima. Porque o tempo pasa e... Carlos chega agora con imaxes, con historias novas e vellas pero sempre coas risas aseguradas. Setenta minutos con Carlos son sempre breves, divertidos, curandeiros... Imprescindibles. *A Penúltima* chega este ano e xa veremos despois o que pasa. Para non perdelo.

Carlos Blanco é un mestre do humor que combina enxeño, observación e unha notable capacidade para conectar co público. Cun estilo único, a súa comedia xira arredor da vida cotiá, costumes e situacións coas que todos podemos identificarnos. Xa sexa no escenario, na televisión ou nos seus monólogos, o seu talento garante calidade e entretenemento.

Intérprete e autor: Carlos Blanco
Deseño de son e iluminación: Daniel Juncal

70 min | Público adulto (+14 anos) | 7 € / 4 €

Rede Galega de Teatros e Auditorios

27 MAR venres - 21.00

SARABELA TEATRO (Galicia)

O dragón de ouro

Una comedia tráxica que aborda temas tan controvertidos como a inmigración ilegal, a prostitución forzada ou as relacións humanas. Con humor fino e unindo fantasía e realidade, 5 actores interpretan 17 personajes en 48 escenas cun ritmo frenético, creando un universo fascinante no marco do restaurante O dragón de ouro. Sarabela trae por primeira vez á escena galega esta obra de Roland Schimmelpfenning, o autor alemán vivo máis representado internacionalmente. A peza recibiu catro premios María Casares e estivo en cartel varias semanas en Madrid con gran éxito de público e crítica.

Intérpretes: Fernando Dacosta, Fina Calleja, Fran Lareu Sabela Gago e Fernando González. Iluminación: Laura Iturralde. Son: Vadzim Yuknevich/Renata Codda Fons. Escenografía: Iris Blanco. Autor: Roland Schimmelpfenning. Dirección e adaptación: Ánxeles Cuña Bóveda

70 min | Público adulto | 7 € / 4 €
Rede Galega de Teatros e Auditorios

29 MAR domingo - 18.00

OS NÁUFRAGOS TEATRO (Galicia)

Bulebule

Candela, a quen chaman Bulebule, é unha nena que ten Trastorno por Déficit de Atención con Hiperactividade (TDAH). A Candela encántalle o mar e soña con ser patroa dun barco e compartir aventuras co seu amigo Bruno que vive nun faro e sente verdadeira paixón por compoñer música.

Os Náufragos Teatro caracterízase por achegar ao público temáticas sociais, con especial atención á diversidade e a promover valores como a igualdade ou o esforzo das mulleres por derrubar barreiras, como a protagonista de *Bulebule.*

Intérpretes: Irene Lorenzo e Jimmy Núñez
Espazo iluminación: Daniel Pais
Escenografía: Luchi Iglesias
Música: Daniel Valentín
Dirección e dramaturxia: Gustavo del Río

40 min | Público familiar | 7 € / 4 €
Rede Galega de Teatros e Auditorios

30 XAN A 23 FEB
CICLO CINE AMAL

6 FEBREIRO
AINÉ PRODUCIÓNS

21 FEBREIRO
CONTRAPRODUCIÓNS

28 FEBREIRO
BUTACAZERO

1 MARZO
TALÍA TEATRO

6 MARZO
IRIA PINHEIRO

7 MARZO
DE VACAS

13 MARZO
MALASOMBRA

20 MARZO
CARLOS BLANCO

27 MARZO
SARABELA TEATRO

29 MARZO
NÁUFRAGOS TEATRO

17 ABRIL
KIRENIA DANZA

19 ABRIL
AMARELO CÍA

24 ABRIL
COLECTIVO GLOVO

26 ABRIL
FRAN SIEIRA

30 ABRIL
DANIEL DOÑA

8 MAIO
AMANCIO PRADA

A TRAVÉS DA LENTE

EXPOSICIÓNS

CONCERTOS CMUS

Organiza: concello de CARBALLO | CONCELLARÍA DE CULTURA | pazo da Cultura

Colaboran: XUNTA DE GALICIA | REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS | Deputación DA CORUÑA

Primavera EnDanza

> XXIV EDICIÓN

17 ABR venres - 21.00

KIRENIA DANZA (Galicia)

Cicatriz

Antón Reixa e Kirenia M. Acosta únense nunha peza de danza contemporánea que trae á escena o poema homónimo do escritor, *Cicatriz.*

A unión de dous corpos suturados: o da coreógrafa cubana cunha traxectoria atravesada polas lesións; e o do escritor, danado tras un accidente e inexperto en danza contemporánea. Os dous conversan nunha peza chea emoción, por riba de calquera virtuosismo técnico ou idade. Un coloquio final convida a un ti a ti con estas vidas tan cheas de feridas.

Intérpretes: Kirenia Martínez Acosta e Antón Reixa
Iluminación: Violeta Martínez e Daniel Rodríguez.
Músicas: Marcos Payno e Bruno Baw. Escenografía: Suso Mareque. Autor: Antón Reixa

50 min | Todos os públicos | 7 € / 4 €
Rede Galega de Teatros e Auditorios

19 ABR domingo - 18.00

AMARELO CÍA (Galicia)

O arcón de Noa

Noa vive coa súa nai e non ten con quen xogar. Todo parece vello e apagado no seu mundo solitario. Pero un día activa un encantamento e entra nun mundo máxico no que os xoguetes cobran vida e un ser misterioso goberna sobre eles. Un conto de maxia e fantasía no que conflúen a danza, a música, a utilización de obxectos ou a imaxinación para tratar valores e o desenvolvemento emocional. Unha historia de amizade que amosa que un mundo máis xusto e igualitario é posible.

Interpretación: Raquel Ferradás, Carlota Rosón Rojo e Martín Blanco. Iluminación: Nacho Martín. Música orixinal: Bruno Baw. Voz en off: Iria Álvarez Leirós
Dramaturxia e coreografía: Raquel Ferradás, Carlota Rosón Rojo, Martín Blanco e Lilian Portela.
Dirección: Carlota Rosón Rojo e Martín Blanco

40 min | Público en familia (+3 anos) | 7 € / 4 €
Deputación da Coruña

24 ABR venres - 21.00

COLECTIVO GLOVO (Galicia)

Alén

Hai momentos nos que sentimos que algo se rompe no noso interior. Non sabemos ben o que vén despois, só que xa non somos quen eramos. Estamos atrapados entre dúas augas, entre dous nomes, entre dous mundos. O último respiro antes do salto. *Alén* nace no instante que habita entre algo que se derruba e volve a renacer. Colectivo Glovo presenta un espectáculo de danza contemporánea moi dinámica e física, no que o movemento non se detén e a proposta escénica está viva grazas a aos corpos de catro bailaríns que vibran, lévandonos por unha viaxe sensorial e creando diante do público un ritual que conecta coas nosas tradicións máis fondas. O Concello de Carballo participa como un dos coprodutores dese espectáculo.

Intérpretes: Esther Latorre, Sybila Gutiérrez, Xián Martínez e Marc Fernández. Deseño de iluminación: Xacobo Castro. Espazo sonoro: José Pablo Polo
Coreografía: Esther Latorre. Asesoría de movemento (danza tradicional): Iván Villar. Dirección e autoría: Esther Latorre e Hugo Pereira

50 min | Público adulto | 7 € / 4 €
Rede Galega de Teatros e Auditorios

26 ABR domingo - 20.00

FRAN SIEIRA (Galicia)

BenQuerer

Fran Sieira regresa a Carballo para ofrecer o seu último espectáculo, un solo de danza no que amosa a súa maneira de entender o movemento desde a tradición galega pero cunha linguaxe de vangarda, acompañado en directo polo dúo galego ligado á música e ao baile de raíz, Caamaño & Ameixeiras.

É posible benquerer sen quererse Ben? Algunha vez antepuxeches o benquerer ao quererse Ben? Ata que punto a benquerenza é real se non vai acompañada dun amor e respecto propio? O auto coidado emocional constitúe o eixe central sobre o que se move este novo proceso creativo tan persoal e íntimo para o creador, no que a través do seu propio relato detalla a importancia de quererse ben, de aceptarse e respectarse a un mesmo.

Intérprete, coreógrafo e director artístico: Fran Sieira.
Música en directo e espazo sonoro: Caamaño&Ameixeiras.
Iluminación: Fidel Vázquez. Vestiario: Érica Oubiña.
Acompañamento de dirección e movemento: Colectivo VACAburra (Gema Baamonde e Andrea Quintana)

60 min | Público adulto | 9 € / 5 €
Rede Galega de Teatros e Auditorios

30 ABR xoves - 21.00

DANIEL DOÑA (Andalucía)

EL VERBO

Daniel Doña é unha das figuras máis destacadas do panorama actual na danza nacional. Visita Carballo por primeira vez co seu último espectáculo *El Verbo*. A peza escenifica un proceso para imaxinar e construír novos rituais, aqueles que, como o mundo, están en continua desaparición. Un corpo que rexeita a servidume do feminino e do masculino e que rompe o tempo e o espazo para salvagardar todo o que está destinado a desaparecer.
Doña destaca pola súa exploración do movemento, as tradicións e as vangardas. Nas súas pezas mestura flamenco, danza contemporánea e outras disciplinas artísticas.

Interpretación e coreografía: Cristina Khai, Cristian Martín e Daniel Doña. Deseño de iluminación: Celso Hernando. Deseño do espazo escénico: Daniel Doña. Composición musical orixinal: Carlos Cuenca. Idea orixinal e dramaturxia: DDCdanza – Daniel Doña. Dirección de escena: María Cabeza de Vaca

57 min | Público adulto | 9 € / 5 €
Rede Galega de Teatros e Auditorios

8 MAI venres - 21.00

AMANCIO PRADA (Galicia)

Voces e pegadas de Rosalía de Castro

Amancio Prada conmemora os cincuenta anos dun álbum emblemático na historia da música galega e española: *Rosalía de Castro*, o segundo traballo do cantautor que traspasou fronteiras e épocas, ofrecendo ao mundo unha interpretación profunda, sentida e innovadora dos versos rosalianos. Este concerto celebra este fito artístico rescatando os poemas máis míticos da autora como *Adiós ríos, adiós fontes* ou *Campanas de bastabales.*

A importante traxectoria artística do berciano Amancio Prada é internacional e ten recibido galardóns como a Medalla Castelao de Galicia ou a Medalla de Ouro ao Mérito nas Belas Artes.

Intérprete: Amancio Prada
Música: Amancio Prada
Son: Arturo Vaquero Taboada
Iluminación: Alberto Casas López

90 min | Público adulto | 9 € / 5 €
Deputación da Coruña

Exposicións

DE LUNS A SÁBADO | DE 17.00 A 21.00

Do 12 de marzo ao 12 de abril

Alfredo Brañas Menéndez XIX–XXI. 125 anos do seu pasamento

A mostra lanza unha ollada á figura e obra do carballés Alfredo Brañas (1859-1900) desde o século XXI. Descubre os aspectos menos tratados da figura do intelectual rexionalista, como a revolución xurídica e o cambio económico e demográfico, ou o seu papel no Rexurdimento.
A mostra foi organizada pola Universidade de Santiago, coa colaboración das Fundacións Alfredo Brañas e Castelao e comisariada pola profesora Belén Trigo.

Andar -1 do Pazo da cultura
Colabora: Universidade de Santiago de Compostela

Do 7 de maio ao 7 de xuño

XXVIII Certame Fotográfico Xosé Manuel Eirís

Selección das obras presentadas á XXVIII edición deste Certame de carácter anual co que o Concello de Carballo quere contribuír ao fomento e a divulgación da fotografía. A mostra está composta polas imaxes premiadas polo xurado e por unha escolma das presentadas a esta edición. As fotografías participantes son de tema libre, aínda que existe un premio especial para as que fagan referencia a Carballo.

Visita guiada mércores 20 de maio a cargo de Ángel Cordero. 3º andar, sala de exposicións Alberto Gende.
Colabora Fundación Luís Calvo Sanz e Interfilm Carballo

A través da lente

O compromiso da Concellaría de Cultura coa promoción da fotografía maniféstase un ano máis coa convocatoria anual do Certame fotográfico Xosé Manuel Eirís, con 28 anos de traxectoria as súas costas, 114 obras gañadoras e máis de 3.500 participantes. Arredor deste Certame realízanse exposicións, cursos e charlas ao longo de todo o ano que pretenden ser un lugar de encontro para os apaixonados da fotografía.

Documental *Al-Nasr Al Tair*

Xoves 26 de marzo, 20.00
Filme do ano 1969 encargado polo Concello de Carballo ao director Díaz-Noriega con motivo da homenaxe ao tenente xeneral carballés da aviación Eduardo Prado. O Concello pretendía que elaborase un filme de propaganda a partir de materiais filmados polos concelleiros Felipe López e Antonio Pérez, pero o cineasta, fiel ao seu estilo provocador crea un filme inclasificable poñendo en boca das autoridades locais voces en off cun ton cómico. O asunto chegou a xuízo.

Presentación e coloquio a cargo do experto Julio Vilariño. Dirección: José Ernesto Díaz-Noriega. 49 min. Entrada gratuíta. Auditorio do Pazo da Cultura. Colabora: MICE-Museo do Pobo Galego

Documental *Cardoña fotos a 7 pesetas*

Mércores 13 de maio, 20.00
A través do fotógrafo ambulante coñecido como Cardoña este documental é un reflexo

Encontro para os amantes da fotografía e a imaxe

chegada da fotografía a Galicia e o papel dos fotógrafos populares para coñecer a nosa historia rural de boa parte do S. XX. Documental amplamente premiado a nivel internacional no que interveñen figuras como Xurxo Lobato, Xoán Piñón ou Manuel Sendón.

Presentación e coloquio a cargo de Carlos Lorenzo
Direción: Carlos Lorenzo. 30 min / Entrada gratuíta
Auditorio do Pazo da Cultura.

- Documental *A Foreign Song*
Xoves 5 de marzo, 20.00
- Curso de fotografía
- Ciclo AMAL en ruta
Do 30 de xaneiro ao 26 de febreiro

Información ao comezo deste programa

XXVIII Certame Fotográfico Xosé Manuel Eirís

Concurso anual organizado pola Concellaría de Cultura. Cada autor pode presentar un máximo de 3 obras e o tema das obras é libre. 3.050 € en premios. Prazo de admisión de obras até o 6 de abril. Bases e solicitude de participación proximamente na páxina web de Cultura do Concello.

Patrocina: Fundación Luis Calvo Sanz e Interfilm Carballo

> 7 de maio, 20.00: Acto de entrega de premios e inauguración da exposición

> 20 de maio, 19.30: Visita guiada á mostra do Certame
A cargo de Ángel Cordero, membro do xurado e ex profesor de fotografía da Escola de Imaxe e Son da Coruña.

Outras propostas

Concertos do CMUS Carballo

28 de xaneiro, 19.00: Concerto da Paz con profesorado do Conservatorio.
13 de febreiro, 19.00: Concerto de San Valentín a cargo da Big Band
14 de marzo, 20.00: II Certame de Bandas de Música
24 de marzo, 19.00: Concerto de Primavera
25 de marzo, 19.00 h: Intercambio da Orquestra do Conservatorio co CMUS de Santiago
14 de abril, 20.00: IV Encontro de Big Bands

Todas as citas son no Auditorio do Pazo da Cultura. Entrada libre ata completar a capacidade. Organiza: CMUS Carballo

Ruta guiada en homenaxe a Cándido Alfonso González Tiradas

26 de febreiro
Coincidindo co aniversario do pasamento do escritor e xornalista carballés Cándido Alfonso González Tiradas celébrase unha ruta guiada que levará ás persoas que participen desde a casa na que naceu, na Rúa Muíño, ata a rúa que leva o seu nome, na zona de Pedra Furada. Conta coa participación do historiador Hadrián García e ao remate a Aula de Teatro Municipal representará un fragmento da súa obra máis coñecida.

Organiza: Concello de Carballo

Currúncho Pop 2026

Concertos e presentacións de libros

21 feb, 19.30: Libro: *Caballos salvajes Gram Parsons (1968-1973)*, de J. Pujol Nadal. Concerto: **GRAN PARSONS**
21 mar, 19.30: Libro: *Los forajidos de la música country*, de J. Márquez Sánchez. Concerto: **HONKY TONK HEROES**
25 abril, 19.30: Libro: *Conversaciones con Maryni Callejo. La primera productora del pop español*, de Esther Zecco. Concerto: **MARYNI CALLEJO**
16 maio, 19.30: Libro: *Bibiano. Cambiar para ser un mesmo*, de Carlos Rego. Concerto: **BIBIANO**

Biblioteca M. Rego da Balsa. Capacidade limitada. Organiza: Concellaría de Bibliotecas, Arquivos e Normalización Lingüística. Colabora: AC O Molete Psicopop

XIII Festival Carballo InterPlay

Do 16 ao 19 de abril
Festival de contidos dixitais que recolle novas propostas e xeitos de entender a narración e a cultura audiovisual en relación coa rede.

Mercado Municipal. Acceso libre e gratuíto.
Organiza: Concellaría de Promoción Económica e Turismo | Colabora: Deputación da Coruña e Agadic

XIX Semana do libro e a Lectura

Mes de abril
Semana de múltiples actividades durante todo o día para gozar dos libros e favorecer o fomento da lectura entre as nenas e nenos.

Biblioteca Municipal Rego da Balsa. Organiza: ASPG e Concellaría de Bibliotecas, Arquivos e Normalización Lingüística

+ Info

TODAS AS ACTIVIDADES TERÁN LUGAR NO PAZO DA CULTURA DE CARBALLO, EXCEPTO AS QUE INDICAN OUTRO LUGAR

Lugares e datas de venda de bonos e entradas
(a excepción de *Territorio Regueifa* (ver páx 3)

VENDA ANTICIPADA: carballo.gal/cultura-e-festas ou https://billeteira.carballo.gal.
A partir do xoves 29 de xaneiro.

VENDA DIRECTA: Día da función, na billeteira do Pazo da Cultura, desde 90 minutos antes do inicio da actuación.

Prezos dos espectáculos con entrada

BONO VENRES CULTURAIS
(21 e 28 de febreiro, 6, 13, 20 e 27 de marzo)
- Prezo ordinario 29 €
- Prezo reducido: 18 €

BONO DANZA
(17, 19, 24, 26 e 30 de abril)
- Prezo ordinario: 24 €
- Prezo reducido: 17 €

ENTRADAS
Segundo o especificado en cada espectáculo:
- Prezo ordinario: 5 €, 7 € e 9 €
- Prezo reducido: 3 €, 4 € e 5 € (estudantes con carné de estudante, carné xove, maiores de 60 anos, menores de 18 anos, persoas desempregadas, membros de familias numerosas e persoas con certificado de discapacidade). Deberá acreditarse debidamente a circunstancia especial no momento do acceso ao espectáculo.

Esta programación poderá sufrir algunha modificación (novos espectáculos, datas, entradas...) que se comunicará coa máxima antelación posible. Prégase puntualidade. A apertura de portas será 15 minutos antes do inicio do espectáculo. Unha vez comezada a función non se garante o acceso á sala e a organización poderá facer uso da localidade. As entradas non poderán ser cambiadas nin reembolsadas, a excepción da cancelación do espectáculo. Se por razóns de produción tivera que ser ocupada algunha localidade, a organización proporcionará a solución oportuna ao espectador afectado. Non se permite a entrada de comida ou bebida. Resérvase o dereito de admisión. Co ánimo de preservar os dereitos dos artistas e non perturbar o bo desenvolvemento da función, non está permitido fotografar, filmar ou gravar o espectáculo sen autorización expresa da organización e do artista. Antes de entrar na sala, deben desconectar os seus dispositivos móbiles. A adquisición desta entrada supón a aceptación de posibles indicacións de carácter organizativo.

Pazo da Cultura. Rúa do Pan s/n.
15100 Carballo. GPS: Latitude 43.211702 | Lonxitude -8.695394
981 70 43 00 | cultura@carballo.gal
carballo.gal/cultura-e-festas/